

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN XERAIS PARA 1º, 2º, 3º, E 4º CURSO DE LINGUA ALEMÁ.-

MODO PRESENCIAL

A avaliación será continua, xa que cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Farase una avaliación inicial xeral.

Traballo diario

Co obxectivo de fomentar a constancia no traballo a profesora poderá controlar as tarefas realizadas polo alumnado sempre que o considere necesario, sen previo aviso. A cualificación destes controis formará parte da nota do traballo diario que será valorado segundo se especifica máis adiante. Por outro lado, a cualificación pode ser matizada en función dos seguintes parámetros, que poden supoñer ata un +/- 5-10% da nota final: intención comunicativa en lingua alemá, motivación cara á aprendizaxe da lingua , e esforzo e persistencia na tarefa persoal.

Probas escritas

As probas fixadas en cada avaliación deberán realizarse nas datas previstas, sendo precisa a xustificación documental médica no caso de ausencia a dita proba. Se fose posible, comunicarse a ausencia con antelación, e do non poder ser así, o alumnado afectado deberá poñerse en contacto con a profesora tan pronto como se incorpore ao centro.

Faranse como mínimo unha proba escrita e unha proba oral por avaliación.

Recuperación da materia suspensa e materia pendente

Dado o carácter progresivo da materia, non se farán exames de recuperación senon que ó obter un resultado positivo na cualificación da seguinte avaliación, automaticamente queda recuperada a anterior. O mesmo sucederá na recuperación da materia pendente do curso anterior: se se supera a o curso seguinte, darase a materia pendente por superada. Ao alumnado con a materia pendente, se lle proporcionarán ao longo do curso materiais de reforzo xunto con os contidos mínimos lingüísticos avaliábeis. De non superar a materia deste xeito, terán que presentarse ás probas de maio especiais para pendentes. Esta proba terá un valor do 80% da nota do alumnado con pendente, que se completará con un 10% pola entrega do material de reforzo proposto, e outro 10% polo traballo persoal na aula. Se se seguise sin superar a materia de este xeito, haberá una proba extraordinaria en setembro, na que non se incluírán nin a destreza de comprensión aural nin a de produción oral.

Se algún alumno copia nun exame, proba ou traballos non poderá volver a repetilos, quedando suspensa a avaliación. Poderá recuperar a materia no seguinte trimestre. No caso de que se trate da última avaliación ou en setembro, a materia quedará suspensa.

Proporcións da nota por cursos

	1º ESO/2º ESO/ 3º ESO/4º ESO
Sprechen (producción oral)	20%
Lesen (comprensión escrita)	20%
Schreiben (producción escrita)	20%
Hören (comprensión auditiva)	20%
Traballo persoal diario	- 10%
Caderno-Portfolio	10%

Na convocatoria extraordinaria de setembro teránse en conta sómente as destrezas de producción e comprensión escritas (100% da nota) nas que se avaliarán a adecuación e o uso do léxico aprendido e a aplicación correcta das estruturas gramaticais da lingua.

Se no transcurrir do curso as porcentaxes sufrisen modificacións por falta de tempo no tratamento das distintas destrezas, comunicaráse ao alumnado estes posibles cambios con anterioridade á realización das probas.

Abandono da materia

Dado que una lingua é un todo integrado, aqueles alumnos que abandonen perden a posibilidade de que se lles faga nota media entre todas as probas feitas e anotacións diarias da profesora, polo que a nota global da avaliación será insuficiente, tamén válido para a avaliación final de xuño e a extraordinaria de setembro. Enténdese por abandono o feito de non realizar sistemáticamente as tarefas asignadas ou as probas específicas, e non acadar en cada una delas una cualificación de máis de dous sobre dez.

Cualificación final

A cualificación final de Xuño obteráse facendo a media das tres avaliacións. Considerase que o alumno que acade un cinco na terceira avaliación tras a entrega dun mínimo do 75% dos traballos ou tarefas que deba presentar superará a materia. Do mesmo xeito, o alumnado que non acade o cinco na terceira avaliación n'en teña entregado ese mínimo do 75% dos traballos de obrigado cumprimento suspenderá a materia e terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro. Todos os traballos solicitados, así como a presentación de cadernos e exercicios deberán entregarse nas datas establecidas pola profesora, non admitíndose tarefas fóra de prazo. Asemade, se un alumno deixa en branco as partes do exame adicadas ás destrezas de “lesen” (comprensión lectora) e “schreiben” (expresión escrita), ou non realiza as probas orais exixidas para cada nivel e trimestre, non poderá acadar una nota positiva na asignatura.

No caso de decimais na nota final o redondeo faráse por aproximación, sendo un 4.5 considerado como un 4 e a partires do 4.6 como un 5. Isto é aplicable ao resto de cualificacións numéricas.

MODO NON PRESENCIAL

Mantéñense en xeral os mesmos criterios anteriores e as proporcións de nota por curso, aínda que os instrumentos de avaliación non serán en forma de proba formal escrita ou controis, se non que as destrezas valoraranse coa mesma puntuación en forma de traballos (grabacións, resumos, actividades de vídeo, búsquedas de información na web, etc.) tendo en conta para a súa valoración e cualificación os seguintes parámetros:

- adecuación á tarefa solicitada
- puntualidade na entrega
- número mínimo exixible de entregas
- folla de seguimento da aprendizaxe individual (checklist)
- actitude e método de traballo

MODO SEMIPRESENCIAL

Mantéñense en xeral os mesmos criterios e as proporcións de nota por curso do modo presencial. Os instrumentos de avaliación a utilizar serán tanto os estipulados neste modo ,cando foxe posible, xunto con os mencionados no apartado do modo non presencial .